

CONCELLO DE MARÍN. CIM
VIOLENCIA DE XÉNERO.
NOVAS
MASCULINIDADES

TEMA 4



Para reflexionar



“(…) una parte de tu cuerpo no te hace hombre, tampoco gritar, ni dar puñetazos, ni decir tacos, ni pegar. Los hombres, los de verdad, no pegan -le dijo su padre muy serio-. Solo pegan los cobardes que se aprovechan de su fuerza o incluso del cariño que les tienen. Recuérdalo siempre, Javier, los hombres no pegan...”

“Los hombres no pegan”

Libro de Beatriz Moncó

Estamos xa no último tema deste curso e despois de ver moitos e interesantes conceptos seguiremos traballando en prol da igualdade.

Para practicar

Imos xogar aos antónimos. Completa a resposta:

Branco-----Negro

Día-----Noite

Encima-----Debaixo

Bo-----Malo

Ledicia-----Tristura

Machismo-----

Ás veces, tendemos a pensar que algúns termos son contrarios ou a confundilos por descoñecer o seu significado froito da nosa educación. A continuación veremos diferentes conceptos que nos poden aclarar estas dúbidas:

- **Machismo**

Ideoloxía que engloba o conxunto de actitudes, condutas, prácticas sociais e crenzas destinadas a promover a superioridade dos homes desvalorizando ás mulleres. É unha actitude que impón a opinión e o poder dos homes por riba das mulleres. Podemos atoparnos con xente que publicamente non se amosan contrarios ou atacando ás mulleres, pero asumen ideas e formas que na práctica tamén son discriminación. É o que tamén se denomina “posmachismo” e que aínda asume estar a favor da igualdade, utiliza todo tipo de estratagemas para negar calquera avance que faría efectiva esa igualdade. Así por exemplo, aseguran que as mulleres xa non están discriminadas e que todo o que se promove agora é contrario aos homes.

- **Feminismo**

Ideoloxía, movemento social que esixe para as mulleres iguais dereitos que para os homes.

Machismo e feminismo non son palabras antónimas aínda que moita xente fai mal uso do seu significado. Non se trata de termos equiparables, xa que, mentres que o feminismo é a busca da igualdade entre sexos, o machismo supón unha preponderancia do varón.

A realidade amósanos que as mulleres poden ser machistas ao igual que existen homes feministas. Por exemplo, cando un neno se manca, a frase máis escoitada é “Os nenos non choran, tes que ser forte” con todo, cando é unha nena, cambiamos de actitude e permitimos que chore ao mesmo

tempo que reforzamos a súa parte emocional. Isto deberíamos fomentalo sen distinción de sexo posto que estamos a educar en intelixencia emocional, necesaria e básica nunha sociedade.

Para reflexionar

Para aclarar algo máis estes termos leremos a seguinte noticia:

<https://www.elperiodico.com/es/sociedad/20181123/feminismo-machismo-fundeuantonimos-716351>

Para practicar

- Tes máis claros agora os conceptos de machismo e feminismo?
- Coñecías os diferentes significados que ten a palabra "hembrismo"?

E moi recomendable ler o libro: *Todos deberíamos ser feministas* (Literatura Random House) de Chimamanda Ngozi Adichie. Neste libro recollese o transcendental e emblemático discurso que deu a autora no seu TEDx Talk (TED Tecnoloxía, Entretenemento, Deseño é unha organización sen ánimo de lucro adicada ás "Ideas dignas de difundir) sobre o que significa ser feminista no século XXI.



https://www.ted.com/talks/chimamanda_ngozi_adichie_we_should_all_be_feminists?language=es#t-22990

- **Androcentrismo**

Visión do mundo e das relacións sociais centrada no punto de vista masculino, facendo invisible as achegas e contribucións das mulleres á sociedade. Unha visión androcéntrica presupón que a experiencia masculina sería "a universal", obviando a experiencia feminina. Un exemplo é o que ocorre coa hixiene feminina en situacións de emerxencia humanitaria.



https://www.eldiario.es/sociedad/menstruacion-refugiadas-genero_1_3921279.html

- **Patriarcado**

Organización social, económica, cultural e política baseada no poder dos homes sobre as mulleres onde o home exerce o poder en todos os terreos e goza dunha posición dominante na familia. 31 Finca de Briz. A Costa s/n. 2º andar. Tel.: 986 891 802/671 497 112 Marín 36900 Pontevedra cim.marin@concellodemarin.es

- **Micromachismos**

Actitude, acción ou práctica que é machista pero que non resulta demasiado evidente ao ser algo sutil, cotián ou estar socialmente asumido. Os micromachismos inundan o noso día a día e son reproducidos pola nosa sociedade debido á educación recibida.



https://youtu.be/Co_z_GbjbHY

- **Violencia de xénero**

Trátase dunha violencia que afecta ás mulleres polo mesmo feito de selo. Constitúe un atentado contra a integridade, a dignidade e a liberdade das mulleres, independentemente do ámbito no que se produza. Enténdese por violencia de xénero calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada. (Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero).



Leonor Walker (1979) *Las mujeres maltratadas*.

O máis frecuente nunha relación de parella violenta é o comezo do maltrato con condutas de abuso psicolóxico no inicio da relación, atribuídas aos celos do home ou ao seu afán de protección. Son condutas controladoras que producen incapacidade de decisión e dependencia da muller.

A fase máis perigosa deste ciclo é a de Explosión, onde se produce a violencia máis cruenta. Na fase de "Lúa de mel" o home amósase arrepentido, nun intento de manipular os sentimentos da parella co obxecto de conseguir a continuidade da relación. Este ciclo repítese continuamente nunha relación de dominio e poder e algunhas das fases poden chegar a desaparecer.

TIPOS DE VIOLENCIA



FÍSICA

- DANOS NO CORPO
- EMPURRONS, PATADAS, PUÑADAS
- ARRINCONAR, INMOVILIZAR
- TIRAR OBJECTOS, GOLPEAR PORTAS



PSICOLÓXICA

- DANOS NA AUTOESTIMA
- DESCALIFICACIÓN
- VIXIANCIA, CONTROL



SEXUAL

- OBRIGA A REALIZAR PRÁCTICAS SEXUAIS NON DESEXADAS
- NEGACIÓN AO USO DE MEDIDAS ANTICONCEPTIVAS
- OBRIGA A MANTER RELACIÓNS SEXUAIS CON OUTRAS PERSOAS



SIMBÓLICA

- REFORZO DE ROLES E ESTEREOTIPOS MACHISTAS
- COUSIFICACIÓN DE MULLER NA PUBLICIDADE



PATRIMONIAL ECONÓMICA

- APROPIACIÓN DOS CARTOS OU BENS
- IMPEDIR O TRABALLO FORA DO FOGAR
- OCULTACIÓN DOS INGRESOS FAMILIARES



OBSTÉTRICA

- TRATO IRRESPECTUOSO OU VIOLENTO DURANTE O EMBARAZO OU O PARTO

RITA REY

Teléfono de muller
016
900400273

Para reflexionar

Nesta curta sobre violencia de xénero explícasenos de forma clara os diferentes conceptos que traballamos.

<https://vavel.media/es/2013/11/28/cine/306507.html>

RECURSOS

CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES CONCELLO DE MARÍN (CIM)

Servizo de intervención global municipal gratuito de asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional, sociolaboral e información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes. Está dirixido ás mulleres que o demanden, especialmente vítimas de violencia de xénero, ou calquera persoa, en asuntos relacionados coa promoción social da igualdade de xénero.



Finca de Briz. A Costa s/n 2º andar.
Marín 36900- Pontevedra.
Tel.: 986 891 802/ 671497112
E-mail: cim.marin@concellodemarin.es
Luns a Venres de 8:00 a 15:00
Luns de 16:00 a 18:00 h.

ATENCIÓN PSICOLÓXICA VÍTIMAS VIOLENCIA XÉNERO 629 777 595

ATENCIÓN HOMES CONTROL DA VIOLENCIA 630 170 140

ATENCIÓN VÍTIMAS VIOLENCIA XÉNERO Ministerio Igualdade 016

Descargas gratuitas no móbil
EscApp (Violencia xénero)
AgresiónOFF (Violencia sexual)

GARDA PSICOLÓXICA/TELÉFONO DA MULLER (24 horas) 900 400 273

OFICINA ATENCIÓN A VÍTIMAS DO XULGADO 986 805 790

XULGADO 1º INSTANCIA E INSTRUCIÓN Nº 1 MARÍN 886 206 279

XULGADO 1º INSTANCIA E INSTRUCIÓN Nº 2 MARÍN 886 206 284

XUSTIZA GRATUÍTA COLEXIO AVOGACÍA PONTEVEDRA 986 896 866


CENTRO SAÚDE MARÍN 986 882 565

CENTRO SAÚDE SEIXO 986 702 248

POLICÍA NACIONAL DE MARÍN 091/986 839 555- UFAM

POLICÍA LOCAL DE MARÍN 092/986 882 017- UNIDADE VIOXEN

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE MARÍN 986 838 117



Programa "Abramos o círculo"

Secretaría Xeral da Igualdade e Colexio de Psicoloxía de Galicia.
Atención psicolóxica especializada para o tratamento de homes que adoptan actitudes desaxeitadas e violentas nas relacións de parella, coa súa familia ou súas amizades.
Gratuíto, anónimo e voluntario.

Teléfono: 630 170 140.
Horario: 10.00-13.00/16.00-19.00.



Atención psicolóxica a vítimas de violencia de xénero

COMO CONTACTAR O acceso é gratuito e anónimo as 24 horas.
Teléfono de contacto: 629 777 595
Enderezo electrónico: papmvx@cop.es

MÁIS INFORMACIÓN **Secretaría Xeral da Igualdade**
Edif. Adtvo. San Lázaro, s/nº. 15781 Santiago.
Teléfono: 981 937 699
Enderezo electrónico: igualdade@xunta.es
Páxina web: <http://igualdade.xunta.es>

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Rúa da Espiñeira 10-baixo. 15706 Santiago.
Teléfono: 981 534 049
Enderezo electrónico: copgalicia@correo.cop.es
Páxina web: www.copgalicia.es



O Programa de Atención Psicolóxica a vítimas de violencia de xénero é un programa, desenvolvido a través dun convenio de colaboración asinado entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que ten por obxecto a atención psicolóxica especializada en situacións de violencia de xénero.

A través deste servizo, ponse á disposición das persoas que viven ou viviron situacións de violencia de xénero, unha rede de profesionais da Psicoloxía, colexiados e especializados na atención psicolóxica a persoas que se atopan nesta situación. Poden ser atendidas a través deste programa:

- Mulleres que estean a sufrir ou teñan sufrido violencia de xénero.
- Menores, fillas e fillos de mulleres que estean a sufrir ou teñan sufrido violencia de xénero.
- Outras persoas do núcleo familiar directo que vivan ou viviran a situación de violencia.

Formación: Escola Virtual de Igualdade. Ministerio de Igualdade

(cursos gratuitos online)

<https://www.escuelavirtualigualdad.es/>

Para reflexionar

Masculinidade e mitos

Os homes non choran.

Os homes son unhas máquinas sexuais.

Os homes non deben ser sensibles ante as demais persoas.

Seguro que tes coñecemento dalgún mito máis que limita o desenvolvemento das súas capacidades.

Novas masculinidades. Baseado na *Guía hombres con igualdad*. Rubén Castro Torres.

A liberación da vida das mulleres e o seu progreso é un motivo máis que suficiente para comprometerse coas novas masculinidades. Os homes tamén son grandes beneficiarios da igualdade. Con elo rompemos o mito que di que a igualdade é daniña para os homes. Acadando a igualdade real, o único que desaparecerán son as vantaxes obtidas inxustamente.

Beneficios compartidos

Compartir o sustento da familia

Lembra que ata o de agora os homes sempre son socializados para asumir o traballo produtivo (igual que as mulleres o reprodutivo e o de coidados) como algo ineludible que exercer en exclusiva. Ao dificultar que as mulleres accedan ao mercado laboral (e no seu defecto en postos e condicións máis precarias), crease a sensación de que os homes son os máis capacitados para facelo.

Anulando estes estereotipos e facendo uso dos dereitos conquistados pola igualdade, podemos dirixirnos cara un emprego digno tanto para as mulleres como para os homes, que permita a corresponsabilidade do mantemento da familia.

Aumentar a complicitade coa parella e coas demais persoas

Compartir proxectos e vivencias é vital nunha relación de parella e coas amizades. Se nos comportamos con empatía, traballando en equipo dende a confianza e o apoio mutuo e antepoñemos sempre o benestar común e non o propio, seremos máis libres.

Aprender novas habilidades e competencias

Limpar o fogar, comprar, cociñar o xestionar a economía familiar son cuestións que deberíamos asumir todas as persoas para ampliar as nosas expectativas e coñecementos, co que ampliaremos tamén o noso papel social.

Mellorar a autoestima

Rompendo cos estereotipos que impiden desenvolver libremente a personalidade e a vida dos homes conseguírase acabar con moitas das desigualdades existentes. Así, poderemos asumir novos roles, incluídos algúns que se consideraban tradicionalmente femininos, e deixar atrás ideas que serven para limitar tamén a vida dos homes.

Mellorar o estado de saúde persoal e familiar

Aprender a cuidarse a si mesmo e coidar aos demais permite coñecer todas as necesidades e traballalas en equipo. Ante todo está a saúde e para poder traballar e aportar algo ás demais persoas, os homes tamén necesitan coidarse e vivir dignamente.

Gozar máis das fillas e fillos


Dispoñendo de máis tempo para a familia será posible aproveitalo máis cos fillos e fillas, se é o caso. Coñeceremos mellor as súas inquietudes, diversións e problemas. É cuestión de antepor prioridades: parece lóxico, pero por exemplo a crianza e a etapa infantil ocorre unha soa vez.

Valorar a todas as persoas e especialmente ás mulleres polo que son

Unha nova masculinidade pasa por romper co machismo e polo tanto require valorar con máis empatía ás persoas. Facelo polo que son, sin que o seu sexo e a súa condición impliquen discriminación algunha.

De esta maneira ampliamos a nosa mirada máis alá do que os estereotipos nos deixaron ver ata o de agora.

Poderemos poñernos as gafas violetas e ver o mundo dende unha perspectiva totalmente igualitaria e polo tanto máis xusta.



Os homes e mulleres deberán unirse para rexeitar a violencia contra as mulleres, apoiando a aquelas mulleres que pasen por unha relación abusiva para que poidan saír e denunciando aquelas actitudes de homes violentos.

Todos os homes teñen a oportunidade e a responsabilidade de rexeitar a violencia e non exercela.

Os agresores o son polas súas conviccións e ideas, non por ter algunha enfermidade ou situación persoal concreta.

Para ler

- [La vida en común. Los hombres \(que deberíamos ser\) después del coronavirus](#) (2021). Octavio Salazar. Ed. Galaxia Gutemberg.
- [Desarmar la masculinidad](#) (2021). Beatriz Ranea Triviño. Ed. Catarata.
- [Onvres. Reflexiones sobre la masculinidad](#) (2021). Justo Fernández. Ed. Oberon.
- [Educar a un niño en el feminismo. Porque ellos también pueden cambiar el mundo](#) (2020). Iria Marañón. Ed. Plataforma.
- [Hombres que ya no hacen sufrir por amor: transformando las masculinidades](#) (2019). Coral Herrera. Ed. Catarata.
- [WeToo. Brújula para jóvenes feministas](#) (2019). Octavio Salazar. Ed. Planeta.
- [Papá por que non pintas as ullas de cores. Educando \(construíndo\) masculinidades disidentes](#) (2019). Jorge García Marín. Ed. Galaxia.

Despedida e peche

Xa para finalizar podedes ver este vídeo para tratar de lembrar e afianzar os conceptos que vimos ao longo deste curso. Espero que vos resultara frutífero e que empededes a fomentar a igualdade no voso día a día, imos tratar de ir sementando gran a gran ata que a igualdade e o bo trato agromen nas nosas vidas e as das demais persoas que nos rodean.

Parabéns grupo!



https://youtu.be/j7f_c5XhX4s

BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA



- ONU Mulleres: <https://www.unwomen.org/es>
 - Instituto das Mulleres: <https://www.inmujeres.gob.es/>
 - Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD):
<https://www1.undp.org/content/undp/es/home.html>
 - Dicionario da RAE: <https://dle.rae.es/>
 - Dicionario da RAG: <https://academia.gal/diccionario>
-
- <http://www.concellodemarin.es/guia-da-linguaxe-inclusiva-concello-de-marin/>
 - <https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2018-05/Glosario%20de%20termos%20en%20poli%CC%81ticas%20de%20igualdade%20e%20en%20estudos%20de%20xe%CC%81nero%202018.pdf>
 - <https://infolibros.org/libros-feministas-gratis-pdf/>
 - Mulleres en rede: <https://www.mujiresenred.net/spip.php?article1301>